

CONVENIO DE COLABORACIÓN DE NATUREZA PATRIMONIAL ENTRE A FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA (FCD CG) E A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES, PARA A UBICACIÓN DA SEDE DO CENTRO DE INNOVACIÓN EDUCATIVA E DIXITAL (Ciedix) NO EDIFICIO FONTÁN DA CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

En Santiago de Compostela, 12 de maio de 2023

REUNIDOS

Dunha parte, **D. Román Rodríguez González, Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades** da Xunta de Galicia, nomeado mediante o Decreto 112/2020, do 6 de setembro (DOG núm. 181, do 7 de setembro de 2020), actuando na súa condición de representante da Consellería con competencias en materia de innovación educativa.

Doutra parte, **D^a. Ana Isabel Vázquez Reboredo, Directora-Xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia**, en virtude da delegación de poderes para establecer convenios de colaboración ou cooperación con institucións públicas o privadas, outorgada mediante acordo do día 16 de decembro de 2016 polo Padroado da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, entidade de dereito privado sen ánimo de lucro, declarada de interese cultural pola Orde da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública da Xunta de Galicia de 11 de xaneiro de 2000, NIF G15721640 e con enderezo en Edificio CINC, 3º andar, Lg. Monte Gaiás, s/n, Santiago de Compostela.

Intervén en función dos seus respectivos cargos, e no exercicio das facultades para convir, en nome das entidades que representan, e a tal efecto,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Fundación Cidade da Cultura de Galicia (en diante FCdC) foi constituída o 27 de decembro de 1999, mediante escritura pública outorgada ante o Notario do Ilustre Colexio de Galicia, D. [REDACTED], co número [REDACTED] do seu protocolo, como organización de natureza fundacional, de interese galego, sen animo de lucro, con patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da institución.

Mediante a Orde da Consellería de Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Publica do 11 de xaneiro de 2000, (DOG núm. 11 do 18 de xaneiro), clasificouse a FCdC como cultural e adscribiuse á Consellería de Cultura. Por Orde da Consellería da Cultura do 19 de xaneiro de 2000 (DOG núm. 26 do 8 de febreiro) declarouse de interese galego e inscribiuse no rexistro de fundacións desta consellería co número 73. A FCdC de Galicia forma parte do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades exerce o seu protectorado e o conselleiro ostenta a presidencia do Padroado, órgano reitor máximo da Fundación.

Que a FCdC de Galicia ostenta a titularidade da "Cidade da Cultura de Galicia"(CdC), un innovador e vangardista complexo construtivo, de singular valor arquitectónico e cultural, deseñado por Peter Eisenman, situado no monte Gaiás en Santiago de Compostela. A CdC inclúe diversas edificacións, infraestruturas, viais, áreas de lecer e zonas verdes, representando en conxunto un proxecto estratéxico de gran importancia dentro da vida cultural da Comunidade Autónoma de Galicia. No seo deste complexo atópase, aínda sen rematar de construír, a estrutura do edificio Fontán.

Segundo o artigo 6 dos estatutos da FCdC de Galicia constitúe o seu obxecto social "a creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico, que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador, propicio á interacción cultural".

Para a consecución dos fins mencionados no punto anterior, e consonte o previsto no artigo 7 dos seus estatutos, a FCdC de Galicia pode realizar as actividades "necesarias para converterse nun actor clave na difusión cultural, que serva de punto de encontro entre os cidadáns e a cultura", as que "contribúan a desempeñar un papel destacado no proceso de enriquecemento/aprendizaxe cultural da cidadanía", "cantas dinamicen o sistema cultural galego, promovendo a difusión e conservación da nosa cultura" e "as axeitadas para posicionar ao Gaiás como referente internacional de reflexión, debate e formación no ámbito da innovación na xestión cultural...", entre outras.

Segundo.- Que mediante Decreto 242/2022, da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (DOG núm. 231, do 5 de decembro de 2022), foi creado o Centro de Innovación Educativa e Dixital (Ciedix), sendo o órgano encargado de identificar, diagnosticar e obter conclusións sobre a realidade educativa, posibilitando a súa transformación a través da investigación, da innovación e da transferencia dos resultados dos proxectos de I+D+I e da integración das tecnoloxías que incidan na mellora da calidade educativa, sen prexuízo das competencias que, en materia de innovación no ámbito das tecnoloxías da información e comunicacións, poida corresponder a entidades integrantes do sector público autonómico e sen prexuízo, así mesmo, das funcións do Centro Galego de Innovación da Formación Profesional.

O amentado Centro depende orgánica e funcionalmente do órgano de dirección competente en materia de innovación educativa da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

Terceiro.-Que no Edificio Fontán da Cidade da Cultura de Galicia, no andar baixo cuberta, dos bloques número 3 e número 4, hai espazo dispoñible para albergar a sede do Ciedix. Ao ubicarse neste edificio, a posta en funcionamento do centro redundará na modernización do sistema educativo e na mellora da cualificación do profesorado, sendo ademais un punto de encontro entre as Universidades de maxisterio e os centros educativos (afianzando o Edificio Fontán como un punto de referencia na mellora da calidade do sistema educativo, ao que contribúe tamén a actual presenza da Axencia de Calidade do Sistema Universitario Galego e o Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario Galego). O Ciedix, deste xeito, eríxese como a pedra angular da formación docente no que se refire ao cambio metodolóxico, potenciando o desenvolvemento das competencias profesionais docentes mediante a posta en práctica de actividades e programas formativos, ámbito no que colaborará de forma estreita coa Rede de Formación do Profesorado.

A este respecto, o Edificio Fontán, na sede onde se vai ubicar o Ciedix, conta con espazos nos que se van realizar prospeccións, indagacións e investigacións das tendencias que no futuro poden ir configurando os sistemas educativos (aulas de espazos *maker*, e para traballar coa realidade virtual, a robótica e a programación, entre outros).

Atendendo, por tanto, ás disponibilidades existentes, e sobre a base dos enunciados anteriores, ambas entidades están interesadas en trasladar e ubicar a sede do Ciedix ao edificio Fontán. A tal efecto, interesa a ambas partes a formalización do presente CONVENIO DE COLABORACIÓN DE NATUREZA PATRIMONIAL, co obxecto de deixar constancia do recoñecemento do dereito de uso a favor das devanditas institucións, regulando as obrigas e dereitos de cada parte, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeiro.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto:

1. A cesión dun dereito de uso a favor da Consellería, co obxecto de establecer a sede do Ciedix, sobre os inmobles que se describen na cláusula terceira do presente convenio.
2. A autorización á Consellería dos seguintes recursos:
 - a. Dereito de uso a prazas de aparcamento para o persoal ao servizo do Ciedix, no aparcadoiro cuberto do edificio BAG, previa solicitude do responsable do Ciedix no que se sinale o número e usuarios necesarios.
 - b. Dereito de uso gratuíto dos auditorios/salas de conferencias do Edificio Fontán, para actividades do Ciedix, así como outros posibles locais destinados a eventos temporais ubicados no complexo Cidade da Cultura de Galicia, sempre que ditos locais estean dispoñibles nas datas solicitadas e que, previamente, se comunique á Fundación, con suficiente antelación, a súa intención de utilizar estes espazos.
3. A regulación dos dereitos e obrigas das entidades asinantes derivadas da ubicación dos locais destes centros e entidades no Edificio Fontán, e, en especial, os derivados de:
 - a) Distribución de espazos e coordinación de uso de espazos e servizos comúns.
 - b) A procura dunha unidade corporativa, respectando a imaxe corporativa do complexo da Cidade da Cultura de Galicia.

O réxime de dereitos e obrigas sinalados neste convenio corresponderán, á Consellería que ostente as competencias en materia de educación, actualmente a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Segunda- Características e duración do dereito de uso.

2.1. A Consellería disporá dun dereito de uso, con destino a sede do Ciedix, sobre os locais cedidos por un **período de TRINTA (30) anos**, a contar dende a formalización do presente convenio. Dito dereito se atribúe con carácter irrevogable por parte da FCdC, e soamente poderá extinguirse, ademais de pola vontade do beneficiario, pola propia desaparición da competencia ou función pública encomendada ao Ciedix, así como polas causas sinaladas na cláusula décimo terceira.

2.2. A Fundación facilitará un inventario de todo aquel material e mobiliario que sexan propios e que se incorporen aos distintos locais e instalacións, que será asinado pola Consellería ao iniciar o uso dos bens cedidos.

2.3. A Consellería non poderá allear o seu dereito de uso, e deberá poñer en coñecemento á FCdC calquera acto de terceiro do que teña coñecemento, que sexa capaz de lesionar os dereitos de propiedade, respondendo, de non o facer, dos danos e prexuízos que se produzan pola súa culpa.

Terceira.- Descrición dos locais a ceder

Os seguintes locais incluídos nos planos que integran o proxecto de execución da obra do Edificio Fontán (ver lenda: CiEDIX)

GAÍAS
CIDADE DA
CULTURA




PLANOS INFORMATIVOS. EDIFICIO FONTÁN, PLANTA BAIXA / NIVEL +292,41 m.

DISTRIBUCIÓN DE RESIDENTES PLANTA BAIXO CUBERTA DO EDIFICIO FONTAN, CIDADE DA CULTURA DE GALICIA.



BLOQUE 3 / 4 BAIXO CUBERTA:
CIEDix Superficie útil_ 635,73 m2



PLANTA BAIXO CUBERTA DO EDIFICIO FONTÁN. RESIDENCIA CIEDix.

0 1 2 5 10 m

Superficie útil: 635,73 m2, segundo a seguinte distribución:

m2 sup útil

CIEDix (NIVEL 292,41)	635,73
----------------------------------	---------------

ZONA 3	422,65
Formativa	60,45
Sala	15,98
Maker	46,34
Corte Láser	20,24
Almacén	6,13
Steam	45,51
Descanso	25,33
Aseos	9,70
Circulaciones	192,97

ZONA 4	213,08
Dirección	18,46
Secretaría	18,46
Administración	17,10
Departamento 1	11,69
Departamento 2	11,69
Departamento 3	16,19
Departamento 4	14,25
Departamento 5	13,15
Departamento 6	12,51
Departamento 7	15,13
Aseos	7,97
Racks	5,93
Almacén	14,34
Cabinas	36,21

Cuarta.- Obrigas da Consellería con respecto á utilización dos espazos cedidos no edificio Fontán.

- a) O uso axeitado das instalacións cedidas durante o prazo establecido: trinta anos (30 anos).
- b) Seguir as directrices da Fundación con respecto á imaxe institucional corporativa do complexo da Cidade da Cultura, para mantemento dunha unidade formal neste campo coa Fundación e cos restantes centros e entidades situadas ou que se sitúen no futuro na Cidade da Cultura.
- c) Comunicar á Fundación a programación de actividades a desenvolver nos espazos comúns do edificio e, de ser o caso, noutros espazos, acordando previamente coa Fundación o seu uso. Informar puntualmente os cambios da programación anterior para facilitar a optimización da xestión dos espazos da Cidade da Cultura, e difundir e xestionar as actividades programadas. De ser o caso, poderá acordarse a difusión común a través dos medios de ambas as institucións.
- d) Contar cunha póliza de seguro que cubra de forma suficiente, por un lado, os riscos sobre utensilios ou equipamento de calquera tipo propiedade do Ciedix, incluído o informático do que sexa propietario, que se atopen dentro das dependencias que ocupe o Ciedix no Edificio Fontán; e por outro, a responsabilidade civil polos danos materiais e/ou persoais fronte a terceiros, producidos no desenvolvemento das actividades que lle son propias. A tal efecto, estarase á cobertura dos contratos de seguro que a Xunta de Galicia teña formalizados para toda a súa Administración Xeral.
- e) Dotar ao persoal, sexa propio ou alleo, vencellado ao Ciedix, dos medios de identificación e acreditación necesarios para facilitar a vixilancia e seguridade do edificio Fontán e do complexo da Cidade da Cultura.

f) Comunicar á Fundación os horarios do persoal ao servizo do Ciedix, especialmente, os que impliquen prolongar o horario de apertura de edificio.

g) Non ceder a terceiros o uso das instalacións ou imaxe do complexo, sen autorización expresa da Fundación. Esta autorización non será necesaria cando se trate de prestación de servizos para o desenvolvemento das competencias e funcións propias do Ciedix.

h) Xestionar e coordinar as medidas de prevención de riscos laborais, e adherirse ás indicacións establecidas no plan de autoprotección da Cidade da Cultura de Galicia, todo iso segundo a normativa vixente, incluída, de ser o caso, a coordinación das actividades empresariais previstas no Real Decreto 171/2004, do 30 de xaneiro, polo que se desenvolve o artigo 24 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais.

i) Salvo que a Fundación autorice previamente por escrito, non se permitirán obras nas edificacións e instalacións ocupadas polo Ciedix. Igualmente, o mobiliario para instalar nas dependencias cedidas deberá contar coa supervisión dos técnicos da Fundación, para os efectos de garantir a harmonía co conxunto arquitectónico e as condicións estéticas do edificio.

Non se permite a colocación de elementos que modifiquen a uniformidade ou estética do edificio Fontán.

Quinta.- Obrigas de Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

Á Fundación correspóndelle:

- a) Ceder o uso e permitir a ocupación dos espazos asignados ao Ciedix.
- b) A organización e a xestión, en xeral, do conxunto das edificacións, centros e infraestruturas de todo o complexo, en canto titular da Cidade da Cultura de Galicia, e a coordinación das actividades comúns desenvoltas polos centros ou entidades situadas nelas

- c) O mantemento, a limpeza, e a seguridade do conxunto das edificacións e instalacións.
- d) Contar cun seguro que cubra de forma suficiente a totalidade dos inmobles e instalacións fixas da Cidade da Cultura de Galicia.
- e) O equipamento ordinario dos espazos comúns.
- f) Dirixir a repartición de usos de espazos comúns para a súa coordinación e máximo aproveitamento. Para isto, a Fundación coordinará as actividades realizadas nos espazos comúns e xestionadas polo Ciedix co resto das actividades que se desenvolven na Cidade da Cultura de Galicia.
- g) Deseño, incorporando a imaxe corporativa do CIEDIX, e autorización da sinalización no edificio Fontán e no exterior, dentro do complexo da Cidade da Cultura, para informar da súa localización.
- h) A licitación, contratación e xestión dos contratos de obra, e os relativos ás subministracións e servizos que non sexan susceptibles de contratación diferenciada ou cando se considere que mellora a súa operatividade ou custos mediante a contratación conxunta.
- i) A autorización para uso a prazas de aparcamento para o persoal do Ciedix
- j) A autorización ao Ciedix do dereito de uso gratuíto dos auditorios/salas de conferencias do Edificio Fontán, así como doutros posibles situados na complexo Cidade da Cultura de Galicia, sempre que devanditos locais estean dispoñibles nas datas solicitadas, para o que os seus órganos xestores, deberá notificar dita intención á Fundación, con suficiente antelación.

Sexta.- Obrigas comúns

A Consellería e a Fundación obríganse a:

- a) Velar polo cumprimento das obrigacións que resultan deste convenio, poñendo en funcionamento os mecanismos de control que permitan valorar o seu cumprimento.

- b) Acordar a programación común de actividades que permitan a difusión e posta en valor da Cidade da Cultura de Galicia, como foco ou espazo multidisciplinar.

Sétima.- Financiamento

Serán por conta da Consellería, ademais dos gastos de persoal que preste servizo no Ciedix, o financiamento dos custos da súa actividade propia, tales como material de oficina, material informático e material en xeral, os de comunicación (postais ou telefónicas), os custos directos que os procesos de dixitalización ou outros similares leven aparelados e calquera outro directamente relacionado coa súa finalidade.

Será por conta da Fundación os custos correspondentes á seguridade, limpeza, mantemento das instalacións, subministracións de enerxía, auga, así como aqueles outros correspondentes ao edificio e ás zonas comúns que non poidan ser obxecto de división entre as distintas partes,.

Os créditos necesarios para o sostemento das actividades ordinaria ou extraordinaria, tanto da Fundación como os derivados da actividade do Ciedix, serán financiados anualmente pola Fundación ou Consellería de dependencia do Ciedix, con cargo aos seus respectivos orzamentos.

Oitava.- Modificacións e obras nas instalacións cedidas.

8.1. Salvo que a Fundación autorice previamente, por escrito, non se permitirán obras nas edificacións e instalacións de obra construídas sobre as que se constitúe o dereito de uso, sempre que ditas obras afecten o proxecto construtivo.

No caso de que as obras non afecten o proxecto aprobado para a construción, senón que unicamente redundan na optimización do rendemento e operatividade do edificio, ditas obras poderán ser acometidas con cargo ao seu orzamento polo órgano directivo da Consellería do que depende orgánica e funcionalmente o Ciedix , previa comunicación á Fundación, a cal poderá opoñerse en caso de perigar a integridade da construción ou no caso no que se estime a interacción co proxecto construtivo orixinal.

8.2. Non se permite a colocación de elementos que modifiquen a uniformidade ou estética do Edificio Fontán, e a Consellería será a única responsable de cuantos danos físicos ou materiais ocasiónense ás edificacións e instalacións ou a terceiros, como consecuencia directa ou indirecta da súa actividade, eximindo de toda responsabilidade á Fundación.

Novena.- Servizos de limpeza, seguridade e control de accesos, e mantemento/servizos de soporte técnico.

9.1. A Fundación conta cun servizo de limpeza ordinaria para todo o recinto da Cidade da Cultura de Galicia; mentres estea vixente o presente acordo de cesión de uso, a limpeza das instalación e espazos obxecto de cesión, corresponden na súa totalidade á Fundación, quen asume a responsabilidade de contar, en todo momento cos recursos materiais e humanos que aseguren que o recinto afectado pola cesión quede en perfecto estado. Os custos de limpeza (tanto os globais como os específicos derivados da cesión dos espazos, serán repercutidos ao cesionario segundo os criterios de distribución sinalados no anexo I).

Unha vez finalizada o dereito de cesión de uso, o cesionario deberá deixar os espazos e instalación cedidos totalmente limpos de residuos, en caso de que o cesionario acumule residuos, procederá a súa recollida segundo as condicións orixinais dos espazos e instalación obxecto de cesión, sen prexuízo de que, de non producirse tal recollida, se repercute ao cesionario este servizo.

9.2. A Fundación conta cun servizo de seguridade ordinario para todo o recinto da Cidade da Cultura de Galicia, que continuará prestándose durante o período no que se ceden as instalación. A Fundación reservase o dereito a denegar a admisión ao centro de calquera persoa que poida ser considerada prexudicial para a seguridade do complexo, dos edificios ou dos seus ocupantes. Os custos de seguridade (tanto os globais como os específicos derivados da cesión dos espazos, serán repercutidos ao cesionario segundo os criterios de distribución sinalados no anexo I).

9.3. A Fundación conta cun servizo de mantemento global para todo o complexo da Cidade da Cultura de Galicia. A subministración e equipamento ordinario dos espazos comúns do Edificio Fontán, serán de conta da Fundación, ao abeiro do seu contrato de mantemento dos edificios e instalación, e repercutirase ao cesionario segundo os criterios de distribución sinalados no anexo I. O cesionario será responsable da conservación e mantemento das zonas afectadas pola cesión, asumindo o compromiso de mantelas en bo estado en todo momento. Se o final do período de utilización das instalación e dos espazos cedidos houberse algún deterioro de instalación ou espazos, o cesionario asume o compromiso de repoñer a súa costa ao seu estado orixinal.

9.4. Os custos asumidos pola Fundación, en concepto de limpeza, seguridade ou mantemento e servizos de soporte técnico, pola utilización de espazos ou instalación comúns (salas, auditorios) que deriven de actos promovidos polo cesionario, imputaranse directamente ao cesionario, sen atención a criterios de distribución, considerando os presos unitarios que, a tal efecto, teña establecido a Fundación nos seus contratos vixentes.

Décima.- Horarios.

O cesionario deberá respectar os horarios de apertura e peche das instalación establecidos pola Fundación. En todo caso, o acceso a zonas comúns e de traballo estarán dispoñibles os días hábiles que anualmente determine o calendario laboral local, de luns a venres, de 07:00 horas a 22:00 horas en horario de inverno; e de 07:00 horas ás 23:00 horas en horario de verán. O cesionario ou os usuarios do espazo deberán comunicar, á Fundación ou ao seu servizo de Vixilancia e Seguridade, a realización de calquera outro horario ou xornada laboral ao marxe do establecido neste parágrafo.

Décimo primeira.- Comisión de seguimento

11.1. Constituirase unha comisión de seguimento formada, cando menos, por dous representantes por cada unha das partes asinantes. Esta comisión asumirá, entre outras, as seguintes funcións:

- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio, definindo as actuacións que se consideren precisas para tal finalidade.
- Interpretar, en caso de dúbida, o seu contido.

11.2. A comisión reunirse as veces que as partes estimen oportuno, para mellor cumprimento e execución deste convenio, e por iniciativa de calquera delas, convocándose por escrito cunha antelación mínima dunha semana, agás que se considere de urxencia, nese caso deberá reunirse no prazo de 48 horas.

11.3. A Comisión rexeráse en todo o non previsto no presente convenio polas disposicións da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e polas disposicións da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, en canto aos órganos colexiados.

Décimo segunda.- Vixencia

A duración do presente convenio de natureza patrimonial está intimamente vencellada ao período de vixencia do outorgamento do dereito real de uso sobre os locais descritos na cláusula terceira.

O convenio conservará a súa vixencia no caso de que varíen a denominación, razón social, ou natureza xurídica de calquera das entidades convenientes, sempre que sucedan outras entidades que asuman as competencias sobre os espazos e as materias obxecto deste convenio.

Décimo terceira. Causas de Resolución.

Serán causas de resolución do presente acordo convenio:

O acordo mutuo entre as partes.

O incumprimento sistemático e continuado das cláusulas contidas nel.

As disposicións normativas ou, de ser o caso, acordos das respectivas administracións polas que se extingan as partes, ou se dispoñan outros usos para a Cidade da Cultura de Galicia por parte da Xunta de Galicia, ou se propoña unha localización diferente para o Ciedix.

A non adscrición do Ciedix á mesma Consellería para a que presta servizos, como ente instrumental, a propia Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

Décimo cuarta.- Natureza xurídica.

10.1. A natureza xurídica do convenio é patrimonial. A normativa aplicable ao convenio é a do dereito privado con independencia de que deben terse en conta os principios recollidos Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común e á Lei 40/2015, do 1 de outubro, o é en canto aos principios de funcionamento. Igualmente será de aplicación a Lei 5/2011, de 30 de setembro so aos efectos dos principios sinalados na mesma.

10.2. As cuestións litixiosas que xurdan sobre a interpretación, execución, modificación, resolución e efectos que puidesen derivarse da aplicación do presente convenio, deberán solucionarse de mutuo acordo das partes no seo da Comisión de Seguimento constituída.

10.3. Este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e incluírase no Rexistro

de convenios da Xunta de Galicia a que se refire o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se aproba o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Décimo quinta.-

Informado favorablemente pola Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia en data do 09 de maio de 2023.

En proba de conformidade, asinan por duplicado, no lugar e data indicados no encabezado.

**Pola Consellería de Cultura,
Educación, Formación Profesional e
Universidades**

O Conselleiro.

Román Rodríguez González

**Pola Fundación Cidade da Cultura de
Galicia**

A Directora-Xerente.

Ana Isabel Vázquez Reboredo.